



Concello de Cangas

Expediente núm.: 2077/2020

Procedemento: ps-20/06 Selección do persoal para a aula de estimulación temperá do Concello de Cangas

Asunto: Publicación das bases da convocatoria.

PUBLICACIÓN: Aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 16/06/2020 a convocatoria e as bases do proceso de selección e posterior nomeamento como funcionario/a interino/a de tres prazas; un/ha de pedagogo/a, un/ha fisioterapeuta e un/ha logopeda para o programa “Aula de Estimulación de Nenos/as”, procédese a súa publicación de acordo co disposto nas mesmas. O período de presentación de instancias irá do 17/06/2020 ao 01/07/2020 ambos incluídos sendo as bases as que a seguir se reproducen:

<<BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA PEDAGOGO/A, DUN/HA FISIOTERAPEUTA E DUN/HA LOGOPEDA, PARA O PROGRAMA “AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/AS 2020/20203

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME APLICABLE E SISTEMA DE SELECCIÓN

A Concellería de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade considera prioritario dar cobertura ás necesidades terapéuticas e asistenciais non cubertas ata agora polo Servizo Galego de saúde, e que se revelan absolutamente precisas para o desenvolvemento e benestar dos usuarios da Aula de Estimulación.

A Lei de Bases do Réxime Local exclúe a prestación deste tipo de servizos da competencia municipal, se ben, no ámbito de Galicia, a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor de la Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3, non considera a prestación de novos servizos a continuidade dos servizos que se viñan prestando con anterioridade, de xeito que, malia que se trata de servizos sociais de competencia autonómica e que debería asumir esta Administración, non en tanto esta Administración non os asume, e dado o interese prioritario do mesmo, considérase absolutamente preciso continuar coa prestación deste.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior nomeamento como funcionario/a interino/a de tres prazas; un/ha de pedagogo/a, un/ha fisioterapeuta e un/ha logopeda que permitan dar continuidade ao servizo de “Aula de Estimulación de Nenos/as”.

A duración do programa descrito se estenderá entre o 16 de xullo de 2020 e o 15 de xullo de 2023, sen prexuízo da posible ampliación prevista no apartado c do artigo 23.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, podendo producirse con anterioridade a extinción do mesmo por tratarse da execución dun programa de carácter temporal e de duración determinada que non responde a necesidades permanentes da Administración e ter unha duración que se pretende facer coincidir co actual mandato corporativo, por mor de que a actual Corporación se marca como obxectivo o mantemento deste servizo non en tanto non o asuma a administración autonómica, sendo incerto o *dies ad quem* desa eventualidade, malia que o presente mandato é o tempo que o grupo de goberno se marca para tentar obter da administración autonómica a asunción do servizo.

As prazas convocadas se describen a continuación:

o un/ha pedagogo/a, (GRUPO A SUBGRUPO A1, COMPLEMENTO DE DESTINO

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3QVNY35FGXQQGRW9DY5QC3TKJ7 | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9



Concello de Cangas

NIVEL 26. COMPLEMENTO ESPECÍFICO 225,85 EUROS/MES)

- o un/ha fisioterapeuta (GRUPO A SUBGRUPO A2, COMPLEMENTO DE DESTINO NIVEL 24, COMPLEMENTO ESPECÍFICO 218,28 EUROS/MES)
- o un/ha logopeda (GRUPO A SUBGRUPO A2, COMPLEMENTO DE DESTINO NIVEL 24, COMPLEMENTO ESPECÍFICO 218,28 EUROS/MES)

A modalidade de cobertura será a de funcionario/a interino/a acollido a un programa de carácter temporal, modalidade prevista no artigo 10.c do RDL 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 23.c da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia e a súa retribución se corresponderá coa descrición realizada de acordo coa normativa e convenio aplicables.

O procedemento selectivo de acordo co establecido no artigo 10.2 do TREBEP e 24 da Lei 2/2015 realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que resultase seleccionado, procedendo ao chamamento e ao nomeamento do seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de concurso – oposición.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa sede electrónica (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e con carácter complementario na páxina web do Concello (<http://cangas.gal/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias.

De presentarse reclamacións ás bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para seren admitidos/as os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade Española ou algunha outra que, consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3QYNY35FGXQGRW9DY5QC3TKJ7 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9



Concello de Cangas

c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan precisas para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

d) Para cada unha das prazas convocadas, estar en posesión da seguinte titulación:

- PEDAGOGO/A : Licenciado/a ou Graduado/a en Pedagogía acreditando especialización en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar.

- LOGOPEDA: Diplomado/a ou Graduado/a en Logopedia acreditando especialización en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar.

- FISIOTERAPEUTA: Diplomado/a o Graduado/a en Fisioterapia acreditando especialización en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no estado de procedencia o acceso ao emprego público no termos anteriores.

f) Ter satisfeito as taxas por dereitos de exame. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar son 25,56 € no caso da praza de pedagogo/a e de 17,04 € nas de fisioterapeuta e logopeda , **deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello**. A ausencia de aboamento das taxas de participación dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación de instancia.

g) En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

CUARTA – SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS.

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro de Xeral de Entrada do Concello de Cangas **no prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na sede electrónica** e en horario de atención ao público.

A presentación de solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3QVNY35FGXQGRW9DY5QC3TKJ7 | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



Concello de Cangas

No suposto de non presentar a instancia directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir un correo electrónico ao enderezo electrónico xuridico@cangas.gal, unha copia da instancia na que figure a data de presentación no rexistro correspondente con anterioridade ao remate do prazo, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Estas **solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial** que acompaña ás presentes bases como anexo e na que se inclúe a declaración de cumprimento dos requisitos indicados na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección.

Dita solicitude, asinada polo interesado/a, irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou NIE
- Fotocopia da titulación esixida (base terceira, letra d).
- Declaración de cumprimento dos requisitos indicados na base terceira subscribindo o compromiso de achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar seleccionado/a.
- Toda a documentación que desexe que se lle valore na fase de concurso, de acordo co baremo especificado no punto sétimo das bases.
- Proxecto descrito na fase de oposición (base sétima, letra B.a).
- Xustificante acreditativo do pago das taxas (base terceira, letra f)

A non presentación da instancia asinada ous dos documentos anteriores será motivo de exclusión

Por outra banda a efectos de quedar exento da realización do segundo exercicio da fase de oposición obtendo a cualificación de apto os aspirantes que o desexen deberán presentar o título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega-nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación. Esta presentación realizarase preferentemente xunto coa solicitude de participación se ben o tribunal de selección poderá admitir o documento citado en calquera momento anterior á realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Os/as aspirantes con discapacidade, previa acreditación desta, poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que precisen para participar nas probas do proceso selectivo en condicións de igualdade debendo facelo constar na súa solicitude de participación.

Os/as aspirantes quedan vinculados/as ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3QYNY35FGXQGRW9DY5QC3TKJ7 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



Concello de Cangas

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a **lista provisional de admitidos/as e excluídos/as**, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente se en calquera momento da tramitación do proceso de selección se comproba que o/a aspirante carece deses requisitos malia figurar incluído na lista de admitidos será excluído inmediatamente.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra neles algunha circunstancia prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal, así como a data das probas farase pública no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e na páxina web do Concello (<http://cangas.gal/>), integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. Igualmente poderá requirir a asistencia de colaboradores que actuarán sen voz e sen voto durante o proceso de selección para realizar tarefas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE OPOSICIÓN E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O concurso-oposición constará de dúas fases:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3QYNY35FGXQGRW9DY5QC3TKJ7 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9



Concello de Cangas

1. Fase de concurso: valoración dos méritos que representará un 40% da cualificación total.
2. Fase de oposición: que representará o 60% da puntuación total.

O sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

A) PRIMEIRA FASE: CONCURSO.

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL

-Exercicio da mesma categoría profesional na administración local: 0,20 puntos por mes traballado.

-Exercicio da mesma categoría profesional nas distintas administracións públicas: 1,00 punto por ano traballado.

-Exercicio da mesma categoría profesional en empresas privadas: 1,00 punto por ano traballado.

(Acreditarase con fotocopias compulsadas dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante. Para o caso dos/as traballadores/as autónomos/as alta no IAE e vida laboral. No caso de servizos prestados na administración pública, poderán presentarse certificacións de servizos prestados a efectos de valoración da experiencia.)

Ata un máximo de 20 puntos.

b) FORMACIÓN PROFESIONAL

Cursos en materias propias da praza e posto

Asistencia a cursos relacionados co traballo a realizar :

- Por cada curso de ata 25 horas 0,01 puntos.
- Por cada curso de duración superior a 25 horas e ata 50 horas 0,05 puntos.
- Por cada curso de duración superior a 50 horas e ata 100 horas 0,10 puntos.
- Por cada curso de duración superior a 100 horas e ata 250 horas 0,25 puntos.
- Por cada curso de duración superior a 250 horas e ata 500 horas 0,75 puntos.
- Por cada curso de duración superior a 500 horas e ata 1000 horas 1 punto.
- Por cada curso de duración superior a 1000 horas e ata 1500 horas 1,5 puntos.
- Por cada curso de duración superior a 1500 horas e ata 2000 horas 2 puntos.

Non se valorarán as asistencias a xornadas, cursos, simposios ou conferencias en xeral se non se especifica de xeito claro a duración en horas da acción formativa.

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3QYNY35FGXQGRW9DY5QC3TKJ7 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 9



Concello de Cangas

certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

Máximo 20 puntos

B) SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN

a) PROXECTO

Consistirá en realizar un “Plan de intervención para a estimulación dos nenos/as con dificultades, por áreas de actuación: PEDAGOXÍA /FISIOTERAPIA/ LOGOPEDIA ”, segundo corresponda.

O proxecto deberá ser presentado tendo como data límite a de presentación de instancias especificada na base cuarta e deberá ser exposto ante o Tribunal na data, hora e lugar que se indiquen na resolución pola que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos. O Tribunal trala exposición poderá efectuar preguntas relativas ao contido do proxecto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

I: ELABORACIÓN DO PROXECTO

1. ANTECEDENTES (contextualización teórica e práctica)
2. OBXECTIVOS
3. METODOLOXÍA E PLAN DE TRABALLO (axeitada aos obxectivos plantexados)
4. VIABILIDADE DO PROXECTO
5. PLAN DE AVALIACIÓN E DIFUSIÓN

II: DEFENSA DO PROXECTO

A puntuación máxima será de 58 puntos, sendo necesario obter 29 puntos para superar a proba.

b) EXAME DE GALEGO

Os aspirantes que teñan superado a proba anterior serán convocados no día, hora e lugar que sinala o Tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega de carácter non eliminatorio que consistirá na tradución dun texto proposto polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de 2 puntos. A proba será de realización **obligatoria** para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran con antelación á realización da proba estar en posesión do título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega- nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación. Outorgando o Tribunal 2 puntos aos que así o acrediten. (Acreditarase coa fotocopia compulsada dos títulos).

OITAVA.- CUALIFICACIÓN, PROPOSTA E NOMEAMENTO

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3QYNY35FGXQQGRW9DY5QC3TKJ7 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9



Concello de Cangas

Rematado o proceso de selección, o tribunal determinará a cualificación final do proceso. Esta será a suma da puntuacións obtidas na fase Concurso e na fase Oposición.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase por sorteo entre os/as aspirantes empatados/as.

A continuación, o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de nomeamento que incluíra os aspirantes propostos para ser nomeados/as funcionarios/ interinos/as e os/as propostos/as para integrar o listado de substitucións do persoal seleccionado que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello de Cangas procederá ao nomeamento como funcionarios/as interinos/as dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base terceira.

NOVENA.- LISTA DE AGARDA

O Tribunal incluírá na súa proposta unha lista de agarda que será utilizado para cubrir as posibles baixas ou renuncias dos aspirantes designados para o seu nomeamento, así como para as novas necesidades de nomeamento de prazas de Pedagogo/a, logopeda e fisioterapeuta como funcionario interino nos supostos previstos no artigo 23.2 da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Este listado estará ordenado exclusivamente pola puntuación resultado do proceso selectivo.

Os chamamentos do listado que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.

A renuncia inxustificada ao chamamento suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documental e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.

O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado. De tal xeito que só se pasará á seguinte persoa do listado de concorrer máis de un nomeamento ou previa renuncia da persoa chamada.

Este chamamento efectuarase dun xeito que permita deixar constancia da recepción do mesmo. A tal fin os aspirantes na solicitude de participación darán a súa conformidade á ser notificados electronicamente no enderezo electrónico facilitado respecto a todos os actos derivados do presente proceso selectivo e das contratacións que puidera derivarse do mesmo.

En situacións de urxencia poderá facerse un chamamento telefónico, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que fagan constar na instancia de participación, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao Negociado de Persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo seguinte.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3QYNY35FXQGRW9DY5QC3TKJ7 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9



Concello de Cangas

A renuncia inxustificada ao chamamento suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para o seu nomeamento considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos de carácter persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei.

UNDÉCIMA.- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso. O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos precisos na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DUODÉCIMA. – DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do Tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ao previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.>>

O que se publica aos efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3QYNY35FGXQQGRW9DY5QC3TKJ7 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9